

Titulo	Obxecto	Sinatura	Cantidade
Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Bande para implantar un servizo de atención á infancia. (Secretaría Xeral da Igualdade)	Constitúe o obxecto deste convenio a colaboración das entidades asinantes para a posta en marcha dun servizo de atención á infancia para nenos e nenos empadroados no Concello de Bande. A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar prestará a súa colaboración financiando ata o límite fixado na cláusula segunda os gastos correntes que se deriven do desenvolvemento do servizo que implantará o concello, respectando o establecido na Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais de Galicia. Ambas as partes conveñen na necesidade da posta en marcha de estratexias e servizos á comunidade que contribúan ao desenvolvemento integral de nenos e nenos na etapa infantil ao tempo que se desenvolven para eles accións lúdicas e socioeducativas que á vez, e de xeito indirecto, sirvan de apoio ás familias.	22-12-2008	3.000,00
Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a <i>Asociación ONGD Ecos do Sur</i> para levar a cabo o proxecto de fortalecemento da <i>Asociación Avimas de Mozambique</i> . (Secretaría Xeral da Igualdade)	Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a <i>Asociación ONGD Ecos do Sur</i> para a posta en marcha do Programa Produtivo e de Fortalecemento en AVIMAS para o período 2009 a 2012-2013.	22-12-2008	13.500,00
Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a <i>Asociación Implicadas no Desenvolvemento</i> para a ampliación do programa de erradicación do infanticidio feminino en Salem (Tamil Nadu, India). (Secretaría Xeral da Igualdade)	O establecemento das condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a <i>Asociación Implicadas no Desenvolvemento</i> para levar a cabo a ampliación do Programa de erradicación do infanticidio feminino en Salem (Tamil Nadu, India).	22-12-2008	10.676,00
Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Xunta de Galicia, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Cerceda para a redacción do proxecto de obra e actuacións preparatorias para a construción dun centro de día e residencial para persoas maiores	Establecer as bases de colaboración entre as partes que o asinan para a redacción do proxecto de obra para a construción dun centro de día e residencial para persoas maiores dependentes no Concello de Cerceda, así como, de ser o caso, a realización doutras actividades preparatorias do referido investimento (estudo xeotécnico, mellora dos accesos, etc.).	30-12-2008	200.000,00
Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a <i>Fundación Camiña Social</i> para a atención dos menores en réxime de internamento no centro educativo Monteledo	Establecer o marco de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade <i>Fundación Camiña Social</i> para a atención a menores e mozos/as en situación de conflito social no Centro Educativo Monteledo de Ourense, centro de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia adscrito a esta vicepresidencia. No dito centro executaranse as medidas xudiciais que, ditadas en cumprimento da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, impliquen o internamento de menores e/ou mozos/as infractores.	30-12-2008	2.268.783,00
Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a <i>Fundación Camiña Social</i> para a atención de menores en réxime de internamento no centro educativo Concepción Arenal	Establecer o marco de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade <i>Fundación Camiña Social</i> para a atención a menores e mozos/as en situación de conflito social no Centro Educativo Concepción Arenal de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia adscrito a esta vicepresidencia. No dito centro executaranse as medidas xudiciais que, ditadas en cumprimento da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, impliquen o internamento de menores e/ou mozos/as infractores.	30-12-2008	1.890.652,56
Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a <i>Fundación Camiña Social</i> para a atención de menores no centro de intervención e execución de medidas xudiciais en medio aberto (Ciemma-Coruña)	Establecer o marco de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a <i>Fundación Camiña Social</i> para a atención a menores que residindo na provincia da Coruña, deben cumprir medidas xudiciais de medio aberto impostas polos xulgados de menores, en virtude do artigo 7 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores e do seu Regulamento (Real decreto 1774/2004, do 30 de xullo).	30-12-2008	552.000,00

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Decreto 37/2009, do 5 de febreiro, polo que se aproban os estatutos do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 150.2º da Constitución española, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma galega, transfere no marco da lexislación básica do Estado o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais, complementando así o ámbito competencial determinado no artigo 27.29º do Estatuto de autonomía de Galicia.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, e asumíuse polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia.

A Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, ditada en virtude da citada competencia, dispón no seu artigo 16, en relación co 18, que os colexios profesionais gozarán de autonomía para a elaboración, aprobación

e modificación dos seus estatutos, sen máis límites que os establecidos polo ordenamento xurídico.

O Colexio Profesional de Logopedas de Galicia, creado mediante Lei 3/2006, do 30 de xuño, de creación do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia, acordou, na Asemblea Xeral, a aprobación da modificación dos estatutos, adaptados ao disposto na Lei 11/2001, do 18 de setembro. Os ditos estatutos, foron comunicados á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para os efectos da súa aprobación definitiva, logo da súa cualificación de legalidade.

Tendo en conta o exposto, en virtude do uso da competencia que ten atribuída polo artigo 34.5º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do cinco de febreiro de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo único.-Aprobación dos estatutos do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia.

Apróbanse, por ser adecuados á legalidade, os estatutos do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia, como anexo a este decreto.

Disposición derradeira

O este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, cinco de febreiro de dous mil nove.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

*ANEXO***Estatutos do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia**TÍTULO I
NORMAS XERAIS

Artigo 1º

Estes estatutos teñen por obxecto regular a organización e actuación do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia a teor do establecido nas disposicións legais sobre a súa creación e de conformidade coa lexislación vixente sobre colexios profesionais.

Artigo 2º

Son principios esenciais da súa estrutura a igualdade dos seus membros, a democracia na súa organización e funcionamento, que inclúe a elección democrática dos seus órganos de goberno, e a adopción dos acordos por maioría.

A vontade do colexio é dotar os logopedas dunha institución que represente e defenda os seus intereses.

Artigo 3º

1. O Colexio Profesional de Logopedas de Galicia é unha corporación de dereito público con personalidade xurídica propia e con plena capacidade para o cumprimento dos seus fins e o exercicio das súas funcións. Poderá adquirir a título oneroso ou gratuíto, allear, vender, gravar, posuír e reivindicar toda clase de bens, contraer obrigas e, en xeral, ser titular de toda clase de dereitos, executar ou soportar calquera acción xudicial, reclamación ou recursos en todas as vías e xurisdicións.

2. Logo de acordo da Xunta de Goberno corresponde ao presidente do colexio o exercicio das facultades establecidas no número anterior, excepto os actos de disposición, para os que se exixirá, ademais, ratificación da Asemblea Xeral.

3. A representación legal do colexio tanto en xuízo como fóra del recaerá no seu presidente, quen estará lexitimado para outorgar poderes xerais ou especiais a procuradores e avogados ou calquera clase de mandatario logo de acordo da xunta.

Artigo 4º

O ámbito territorial do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia será a Comunidade Autónoma de Galicia.

O colexio terá sede na Coruña e o seu domicilio oficial será no centro comercial O Ventorrillo, primeira planta, local 3-4 C.P. 15010.

Os cambios de domicilio poden ser acordados por proposta da Xunta de Goberno, por Asemblea ordinaria por maioría, e mediante modificación estatutaria.

Artigo 5º

O colexio réxese por estes estatutos, pola súa Lei de creación, pola Lei de colexios profesionais de Galicia e por calquera outra lexislación autonómica, estatal ou comunitaria que o afecte.

Artigo 6º

Nos seus aspectos institucionais e corporativos o colexio relacionarase coa consellería competente en materia de colexios profesionais e nos aspectos relativos á profesión coa consellería ou consellerías competentes por razón da profesión de logopeda.

Artigo 7º

O Colexio Profesional de Logopedas de Galicia relacionarase co Consello Xeral de Colexios Profesionais de Logopedas de España de acordo coa lexislación xeral do Estado.

Sen prexuízo do que dispón o parágrafo anterior o colexio poderá establecer acordos de reciprocidade e cooperación con outros colexios e asociacións, calquera que sexa o seu ámbito territorial.

O colexio poderá establecer cos organismos profesionais estranxeiros e internacionais as relacións que, dentro do marco da lei, teña por convenientes.

Artigo 8º

O Colexio Profesional de Logopedas de Galicia asume as funcións que a Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, determina para os consellos galegos de colexios profesionais.

Artigo 9º

Co fin de asegurar o funcionamento colexial e facelo do xeito máis práctico posible, a Xunta de Goberno pode propor á asemblea que se aprobe un regulamento de réxime interno.

TÍTULO II
FINALIDADES E FUNCIÓNS

Artigo 10º

O Colexio Profesional de Logopedas de Galicia asume no seu ámbito territorial todas as competencias e funcións que a lexislación vixente lle outorga, así como as que dun modo expreso lle pode delegar a Administración co fin de cumprir os seus obxectivos de cooperación na ordenación do exercicio profesional da logopedia e a garantía do seu exercicio ético e da súa calidade.

En tal sentido sinálanse como finalidades esenciais do colexio:

- a) Ordenar dentro do marco que establecen as leis e orientar e vixiar o exercicio da profesión.
- b) Colaborar cos poderes públicos na regulamentación das condicións xerais do exercicio da profesión.
- c) A representación e defensa dos intereses xerais dos logopedas e da logopedia, en especial nas súas

relacións coas administracións e coas institucións. Promover e vixiar a logopedia desde a perspectiva científica, cultural, laboral e social, así como a da solidariedade profesional e do servizo da profesión á sociedade.

d) A promoción, salvagarda e observancia dos principios deontolóxicos e éticos da profesión de logopeda e da súa dignidade e prestixio.

Artigo 11º

En especial, correspóndelle ao colexio desenvolver dentro do seu ámbito de actuación as seguintes funcións:

a) Facilitarlles aos seus colexiados o exercicio da profesión.

b) Posuír a representación e defensa da profesión e dos colexiados, se o solicita o colexiado, ante os órganos da Administración autonómica, institucións, tribunais ou entidades e particulares coa lexitimación para ser parte en todos aqueles litixios que afecten os intereses profesionais, en defensa dos seus dereitos e honorarios producidos polos seus traballos, así como exercer o dereito de petición conforme a lei.

c) Colaborar coas universidades na elaboración dos plans de estudos, sen prexuízo do principio de autonomía universitaria, e preparar a información necesaria para facilitar o acceso á vida profesional dos novos colexiados.

d) Estar representado nos colexios sociais das universidades cando sexa designado para iso polo órgano competente.

e) Facilitarlles aos tribunais de xustiza a relación dos colexiados que puidesen ser requiridos para intervir como peritos en asuntos xudiciais.

f) Levar a cabo cantas funcións lle sexan encomendadas pola Administración, así como a colaboración con esta mediante a realización de estudos, emisión de informes, elaboración de estatísticas e outras actividades relacionadas cos seus fins que lle sexan solicitadas ou acorde formular por propia iniciativa.

g) Ordenar no ámbito da súa competencia, e de acordo co previsto nas leis, a actividade profesional dos colexiados, velando pola ética e dignidade profesional e polo debido respecto aos dereitos dos particulares, e exercer, se cabe, a facultade disciplinaria na orde profesional e colexial.

h) Establecer baremos de honorarios que terán carácter meramente orientativo.

i) Realizar os recoñecementos de sinatura ou o visado de proxectos, informes, ditames, valoracións, peritaxes e demais traballos realizados polos logopedas no exercicio da súa profesión, así como editar e publicar impresos nos certificados oficiais que para esta función aproben os órganos de goberno.

j) Intervenir pola vía da conciliación e a arbitrase nas cuestións que por motivos profesionais se susci-

ten entre os colexiados e, en xeral, evitar a competencia desleal no exercicio da profesión.

k) Impedir e denunciar ante a Administración e mesmo perseguir ante os tribunais de xustiza todos os casos de intrusión profesional que afecten os logopedas e o exercicio da súa profesión.

l) Administrar a economía colexial repartindo equitativamente as cargas mediante a fixación das necesarias cotas de achega, recadadas, custodias e distribuílas segundo o orzamento e necesidades e levando unha clara e rigorosa contabilidade.

m) Organizar cursos para a formación profesional dos logopedas.

n) Promover as relacións entre os colexios doutras comunidades autónomas, así como exercer a representación da profesión no ámbito da Comunidade Autónoma galega, tanto no ámbito nacional como internacional, aínda que esta se articulará de conformidade co establecido no Consello Xeral.

o) Cumprir e facerlles cumprir aos colexiados as leis xerais e específicas e os estatutos profesionais, normas e acordos adoptados polos órganos de goberno en materia da súa competencia.

p) Todas as outras funcións que lle sexan atribuídas polas disposicións vixentes e que beneficien os intereses profesionais dos colexiados e da profesión.

Artigo 12º

O Colexio Profesional de Logopedas de Galicia asume como tarefa específica a colaboración coas administracións competentes para a definición do perfil profesional do logopeda. En tal sentido, e a título orientativo, ao termo da súa formación, o diplomado en logopedia deber posuír as aptitudes, habilidades e coñecementos necesarios para a prevención, diagnóstico, tratamento e estudo científico dos trastornos da comunicación humana (fala, voz, linguaxe, audición e comunicación) e os trastornos asociativos, dentro deste contexto a comunicación engloba todas as funcións asociadas á comprensión e expresión da linguaxe oral, escrita, así como, os sistemas de comunicación non verbal.

TÍTULO III DA COLEXIACIÓN E DOS COLEXIADOS

CAPÍTULO I DA COLEXIACIÓN

Artigo 13º

Será requisito indispensable para o exercicio da profesión de logopeda no ámbito territorial de Galicia, en calquera das súas modalidades, a previa incorporación ao Colexio Profesional de Logopedas de Galicia. Os profesionais titulados vinculados coa Administración pública mediante relación de servizos de carácter administrativo ou laboral non precisarán estar colexiados cando o beneficiario sexa a Administración. Os profesionais colexiados noutros colexios profesionais de logopedas deberán cumprir os requisitos que se establecen no artigo 21º destes estatutos.

Os logopedas que non exerzan a profesión poderán incorporarse ao colexio con carácter voluntario sempre que cumpran o resto dos requisitos para a colexiación.

Artigo 14º

Poderán integrarse no Colexio Profesional de Logopedas de Galicia:

a) Quen teña a titulación de diplomado universitario en logopedia de acordo coa lexislación vixente sobre a materia.

b) Quen posúa os requisitos e coas condicións establecidas na disposición transitoria terceira da Lei 3/2006, do 30 de xuño, de creación do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia.

c) Os estranxeiros poderán incorporarse ao colexio cando cumpran os requisitos para exercer a profesión en España.

Artigo 15º

A pertenza ao colexio enténdese sen prexuízo dos dereitos de sindicación e asociación.

Artigo 16º

1. Son condicións necesarias para obter a alta como colexiado:

a) Posuír a titulación legalmente requirida para o exercicio en España da profesión de logopeda.

b) Non estar incapacitado ou inhabilitado legalmente para o exercicio da profesión.

c) Non encontrarse suspendido no exercicio profesional por sanción disciplinaria colexial.

d) Aboar os correspondentes dereitos ou cotas de incorporación.

e) Acreditación fidedigna da súa identidade.

A condición A) acreditarase mediante a achega do correspondente título profesional mediante testemuño auténtico del. En caso de tratarse de título estranxeiro achegarase ademais a documentación acreditativa da súa validez en España para os efectos profesionais e se se trata de súbditos doutros países cumprirán os demais requisitos legalmente exixidos para o establecemento e traballo dos estranxeiros en España.

A condición B) acreditarase pola declaración do interesado.

A condición C) farase constar, salvo que se trate de primeira colexiación, por certificación do colexio de procedencia.

A condición D) mediante o orixinal ou copia auténtica do documento de ingreso na conta do colexio.

A condición E) mediante copia auténtica do DNI ou pasaporte.

Declararanse e acreditaranse os restantes datos que deban constar no rexistro do colexio.

O solicitante fará constar, se se propón exercer a profesión, o seu domicilio profesional e modalidade de exercicio.

2. A Xunta de Goberno resolverá as solicitudes de colexiación, que se presentarán por escrito segundo o modelo aprobado, no prazo dun mes, e poderá denegalas unicamente cando non se cumpran as condicións fixadas no punto anterior. A resolución poderá deixarse en suspenso para emendar as comprobacións que sexan procedentes co fin de verificar a súa lexitimidade e suficiencia.

Artigo 17º

1. A solicitude de colexiación será denegada nos seguintes casos:

a) Cando os documentos presentados coa solicitude de ingreso sexan insuficientes ou presenten dúbidas sobre a súa lexitimidade e non se completaron ou emendaron no prazo sinalado para o efecto, ou cando o solicitante falsee os datos ou documentos necesarios para a súa colexiación.

b) Cando o petionario non acredite satisfacer as cotas de colexiación no seu colexio de orixe.

c) Cando sufrise algunha condena por sentenza firme que o inhabilite para o exercicio da súa profesión.

d) Por ser sancionado con carácter firme con expulsión dun colexio de logopedas sen obter a rehabilitación.

2. Se no prazo previsto a xunta directiva acordase denegar a colexiación pretendida comunicarllo ao interesado sinalando a data do acordo denegatorio, fundamentos destes e os recursos dos cales é susceptible.

3. No termo dun mes seguinte á recepción da notificación do acordo denegatorio poderá o interesado formular recurso de reposición ante a Xunta de Goberno do colexio. Contra o acordo denegatorio definitivo desta, poderá o interesado acudir á vía contencioso-administrativa.

Artigo 18º

1. A condición de colexiado perderase polas causas seguintes:

a) Defunción.

b) Incapacidade legal.

c) Por separación ou expulsión do colexio acordada en expediente disciplinario.

d) A admisión da baixa voluntaria xustificada por cesamento da actividade profesional.

e) Non aboar o importe dos dereitos correspondentes a un ano de colexiación.

2. Para que a baixa forzosa por incumprimento das obrigacións económicas sexa efectiva será necesaria a instrución dun expediente sumario que comportará un requirimento escrito ao afectado para que dentro do prazo dun mes se poña ao día nos descubertos. Pasado este prazo sen cumprimento tomarase o

acordo de baixa, que deberá notificarse de forma expresa ao interesado.

2. A perda da condición de colexiado non liberará do cumprimento das obrigas vencidas.

Artigo 19º

Os colexiados poderán figurar inscritos como:

a) Exercentes, aquelas persoas físicas, que reunindo todas as condicións exixidas obteñan a incorporación ao colexio e exerzan a profesión de logopeda.

b) Non exercentes, persoas físicas que obteñan a incorporación ao colexio e non exerzan a profesión.

c) Colexiados honorarios, logopedas xubilados voluntaria ou forzosamente e que acrediten non estar de alta no imposto de actividades económicas, os declarados en incapacidade total para o exercicio da profesión, invalidez permanente para todo tipo de traballo ou gran invalidez. Estes colexiados estarán exentos do pagamento das cotas colexiais.

d) Colexiados de honra, persoas físicas ou xurídicas que realizasen un labor relevante e meritorio a favor da profesión. Esta categoría será meramente honorífica e acordada en Asemblea Xeral.

Artigo 20º

1. Os logopedas incorporados ao colexio poderán actuar profesionalmente:

a) Como profesional libre de forma independente ou asociado con outro ou outros logopedas ou profesionais.

b) Como profesional asalariado de empresas ou doutro ou outros profesionais.

c) Como funcionario contratado e persoal laboral de calquera Administración pública e dos seus organismos independentes.

d) En calquera outra forma en que se poida exercer a logopedia.

2. O logopeda deberá comunicarlle ao colexio cando solicite a incorporación, e sempre que se produzan variacións, a forma ou formas de actuación profesional que desenvolva.

CAPÍTULO II

DEREITOS E DEBERES DOS PROFESIONAIS

Artigo 21º

1. Para os logopedas colexiados noutro colexio profesional de logopedas do territorio nacional será suficiente coa súa incorporación a un só dos colexios profesionais, que será o do seu domicilio profesional único ou principal, sen que poidan exixir os colexios profesionais en cuxo ámbito territorial non radique o devandito domicilio, habilitación ningunha nin pagamento de prestacións económicas distintas daquelas que se exixan aos seus colexiados pola prestación dos servizos cales que sexan beneficiarios e que non estean cubertos polas cotas colexiais.

2. Os logopedas colexiados noutro colexio profesional que pretendan exercer a súa actividade en Galicia comunicaranllo ao Colexio Profesional de Logopedas de Galicia a través do seu colexio profesio-

sional de procedencia. A estes profesionais unicamente se lles poderán exixir as prestacións económicas que se lles exixen aos colexiados pola prestación de servizos dos cales sexan beneficiarios e que non estean cubertos pola cota colexial.

Artigo 22º

Son dereitos dos logopedas colexiados:

1. Exercer a profesión de logopeda.

2. Ser asistido, asesorado e atendido polo colexio de acordo cos medios de que este dispoña e nas condicións que regulamentariamente se fixen, en todas as cuestións que se susciten con motivo do exercicio profesional.

3. Presentar para rexistro e visado documentos relacionados co seu traballo profesional.

4. Ser representado pola Xunta de Goberno do colexio, cando así o solicite, nas reclamacións de calquera tipo dimanantes do exercicio profesional.

5. Utilizar os servizos e medios do colexio.

6. Participación activa e pasiva en cantas eleccións se convoquen no ámbito colexial, intervir de forma activa na vida do colexio e ser informado, informar e participar con voz e voto nas asembleas xerais do colexio.

7. Formar parte das comisións ou seccións que se establezan.

8. Integrase nas institucións de previsión que se establezan nas condicións que se fixen regulamentariamente.

9. Presentar á Xunta de Goberno escritos con peticións, queixas ou suxestións relativas ao exercicio profesional ou á boa marcha do colexio.

10. Recibir con regularidade información sobre a actividade colexial e de interese profesional mediante un boletín informativo e circulares internas do colexio.

11. Obter a convocatoria de referendo sobre calquera cuestión e a convocatoria e inclusión de puntos na orde do día dun órgano de goberno colexiado.

12. Examinar os arquivos e rexistros que reflectan a actividade colexial.

13. Expresar libremente sen censura previa e baixo a súa exclusiva responsabilidade a súa opinión sobre calquera aspecto profesional ou da actividade colexial.

14. Gardar o segredo profesional respecto dos datos e información coñecidos con ocasión do exercicio profesional.

Artigo 23º

Son deberes dos logopedas colexiados:

1. Exercer a profesión eticamente e, en particular, aténdose ás normas deontolóxicas establecidas nos estatutos e ás que poidan acordar os órganos de goberno colexiais.

2. Cumprir as normas que rexen a vida colexial, así como os acordos adoptados polos órganos de goberno do colexio, sen prexuízo dos recursos oportunos.

3. Presentar ao colexio declaracións profesionais, contratos e demais documentos que lle sexan requiridos, conforme as disposicións estatutarias e regulamentarias.

4. Comunicarlle ao colexio, no prazo de trinta días, os cambios de residencia ou domicilio.

5. Aboar, cando sexan libradas, as cotas e achegas establecidas polos órganos de goberno do colexio.

6. Participar activamente na vida colexial, asistindo ás asembleas xerais e ás comisións ou seccións a que, pola súa especialidade, sexa convocado.

7. Desenvolver con dilixencia e eficacia os cargos para os que sexa elixido e cumprir os encargos que os órganos de goberno poidan encomendarlle.

8. Respetar os dereitos profesionais ou colexiais doutros colexiados.

9. Cooperar coa Asemblea Xeral e coa Xunta de Goberno prestando declaración e facilitando información nos asuntos de interese colexial en que poida ser requirido, sen prexuízo do segredo profesional.

10. Pór en coñecemento dos órganos de goberno do colexio todos os feitos que poidan achegar algún interese á profesión, tanto particular como colectivamente considerados.

11. Estar en posesión do carné profesional colexial.

12. Gardar escrupulosamente o segredo profesional.

Artigo 24º

Ademais das prohibicións que poidan recollerse nas normas deontolóxicas de rigorosa observancia e do establecido nestes estatutos, todo colexiado se absterá de tolerar ou encubrir, en calquera forma, a quen sen título suficiente exerza a logopedia, ou a impartir, figurar ou promocionar cursos de formación ou outro método calquera que induzan á intrusión profesional.

TÍTULO IV DOS ÓRGANOS DO COLEXIO

CAPÍTULO I A ASEMBLEA XERAL

Artigo 25º

A Asemblea Xeral é o órgano soberano do colexio e como tal máximo órgano de expresión da vontade colexial. Rexerase polos principios de participación directa, igual e democrática de todos os colexiados asistentes. Nas asembleas xerais poderán participar todos os colexiados que estean en plenitude dos seus dereitos.

Artigo 26º

1. As asembleas poderán ser ordinarias ou extraordinarias.

2. A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario unha vez ao ano, no mes de decembro. Incluirá na orde do día a lectura, debate e aprobación do plan de actividades, liquidación do orzamento vencido, orzamento para o ano seguinte e presentación da memoria. A asemblea ordinaria terá lugar na sede do colexio ou outro lugar, e será facultade da Xunta de Goberno o sinalar o lugar, o día e a hora de en que se reunirá.

3. A Asemblea Xeral extraordinaria reunirse por iniciativa da Xunta de Goberno ou dun vinte por cento dos colexiados cunha orde do día concreta. A súa convocatoria non terá lugar máis alá do prazo dun mes nin menos de cinco días, contados desde a data da súa solicitude, e será facultade da Xunta de Goberno sinalar o día, a hora e o lugar de realización.

Artigo 27º

1. A convocatoria das asembleas xerais ordinarias serán comunicadas por escrito, con notificación individual a cada colexiado, con trinta días naturais de antelación como mínimo á súa realización, especificado o día, a hora, o lugar e orde do día. Os colexiados poderán consultar na secretaría do colexio os antecedentes dos asuntos que se van tratar. Deberá xuntarse copia das propostas que teñan por obxecto a modificación destes estatutos para que poidan ser sometidas á votación na asemblea a que se refira a convocatoria.

2. Ata quince días antes da realización das asembleas, os colexiados poderán presentar as propostas que desexen someter a deliberación e acordo, ben que só será obrigatorio para a Xunta de Goberno incluír na orde do día as que veñan avaladas por un cinco por cento do censo de colexiados.

Artigo 28º

1. As asembleas xerais serán dirixidas polo presidente do colexio acompañado polo resto dos membros da Xunta de Goberno. Actuará de secretario o que o sexa do colexio encargado de levantar a acta da sesión.

2. As asembleas xerais quedarán validamente constituídas coa presenza do presidente e do secretario, en primeira convocatoria, cando participen a maioría dos colexiados. Quedará validamente constituída en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asistentes.

3. Nas asembleas só se poderán tomar acordos sobre aqueles asuntos que sexan fixados na orde do día, o cal non pode ser modificado. Terán dereito a voz e voto os colexiados que estean presentes na asemblea, agás que estean suspendidos dos seus dereitos.

Artigo 29º

1. A Asemblea Xeral procederá a debater os asuntos que figuren na orde do día. A mesa poderá propor á Asemblea Xeral a modificación da orde de dis-

cusión dos asuntos incluídos na orde do día, a cal decidirá se procede tras a oportuna votación.

2. Na discusión dos asuntos estableceranse quendas a favor e en contra que se consumirán alternativamente sen que poidan investirse máis de cinco minutos en cada intervención. Os colexiados que desexen consumir quenda comunicaranllo á presidencia antes do debate de cada asunto. Finalizadas as intervencións procederase á votación.

3. Poderá concederse o uso da palabra por unha soa vez por alusións e aclaracións logo de consumidas as quendas e antes da votación.

4. As emendas, adicións e propostas incidentais teñen que discutirse con preferencia á proposición obxecto de debate e comezarse polas emendas á totalidade. Se a mesa non as asume votárase en primeiro termo a súa toma de consideración cunha quenda previa a favor e outra en contra.

5. Os membros da Xunta de Goberno e os componentes das comisións nomeadas para algunha finalidade especial, aos cales se lles discuta a súa xestión e os colexiados cuxa conduta afecte as proposicións sometidas á deliberación da asemblea, poderán facer uso da palabra con carácter preferente e non consumirán quenda. Tampouco consumirán quenda os autores da proposición mentres esta se discuta.

Artigo 30º

As votacións poden ser:

- a) Ordinarias, como forma xeral.
- b) Secretas, en caso de solicitude da cuarta parte dos colexiados presentes, e sempre que algún membro o solicite nos casos de asuntos que afecten a imaxe do colexio, á dignidade profesional dalgún colexiado, nos de moción de censura ou confianza e, en xeral, naqueles asuntos en que puidese verse condicionada a liberdade de emisión de voto.
- c) Nominais, se así o solicita a terceira parte dos colexiados presentes.

Artigo 31º

1. Os acordos serán adoptados como norma xeral por maioría de votos a favor respecto dos votos en contra; no entanto, precisaranse os quórum cualificados que a continuación se expresan nas materias que se sinalan:

- a) Maioría absoluta dos colexiados inscritos para aprobar as propostas de fusión, absorción, segregación e disolución do colexio.
- b) Maioría de votos a favor que representen máis do 50% dos votos emitidos para a modificación destes estatutos e para a aprobación da moción de censura revogatoria ou a retirada da confianza.
- c) Os demais que se prevexan para asuntos específicos nos regulamentos que desenvolven estes estatutos.

Os acordos tomados en Asemblea Xeral será obrigatorio para todos os membros do colexio, mesmo

os ausentes, os disidentes e os que se abstiveron, sen prexuízo dos recursos procedentes.

Artigo 32º

Son competencias da Asemblea Xeral:

- a) Aprobar os estatutos do colexio, os regulamentos e a normativa xeral de obrigado cumprimento.
- b) Coñecer e aprobar, se procede, a memoria anual de resumo da súa actuación presentada pola Xunta de Goberno.
- c) Aprobar a liquidación do orzamento vencido e o balance e conta de resultados da corporación.
- d) Aprobar os orzamentos e programa de actuación.
- e) Autorizar os actos de adquisición e disposición e gravame dos bens inmoables e de dereitos reais constituídos sobre eles e aprobar a xestión da Xunta de Goberno e do presidente.
- f) Coñecer e controlar a xestión da Xunta de Goberno, solicitando informes e adoptando, se é o caso, as oportunas mocións, mesmo a de censura con carácter revogatorio conforme o previsto no artigo seguinte, así como resolver sobre mocións de confianza.
- g) O establecemento de acordos ou convenios que vinculen o colexio máis alá do tempo de exercicio da xunta que os propoña.
- h) A fixación das achegas económicas extraordinarias.
- i) Discutir e votar calquera asunto incluído na orde do día correspondente.
- j) Aprobar as propostas de fusión, absorción, segregación e disolución do colexio.
- k) Nomear colexiados de honra.
- l) Coñecer dos rogos, preguntas e proposicións sometidos á súa consideración.
- m) A elección dos cargos directivos que deban ser substituídos por terse producido unha vacante.
- n) A modificación dos estatutos e código deontolóxico.

Artigo 33º

A moción de censura contra a Xunta de Goberno e contra o presidente do colexio só poderá exporse en Asemblea Xeral convocada para o efecto. Teñen lexitimación para expor moción de censura o 20% dos colexiados.

Os que presentasen unha moción de censura non poderán formular ningunha outra contra a mesma Xunta de Goberno nin contra o mesmo presidente no prazo dun ano. A aprobación da moción de censura contra a Xunta de Goberno ou contra o presidente do colexio comportará a convocatoria de eleccións no prazo de dez días.

A Xunta de Goberno e o presidente do colexio poderán someter á Asemblea xeral moción de con-

fianza para a ratificación da súa xestión e/ou programa de goberno cuxa formulación, tramitación e efectos se axustarán ao previsto para a moción de censura.

Artigo 34º

Das reunións da Asemblea Xeral levantarase acta que quedará rexistrada nun libro para este efecto, asinada polo presidente e o secretario. A acta da asemblea será aprobada pola mesma asemblea e terá forza executiva, ou ben, se elixirá tres compromisarios a asemblea que aprobarán a dita acta.

CAPÍTULO II DA XUNTA DE GOBERNO

Artigo 35º

A Xunta de Goberno ten encomendada a dirección e administración do colexio e constitúe o órgano executivo deste respecto dos acordos da Asemblea Xeral, dos preceptos contidos nestes estatutos e regulamento que se dite, e respecto do resto de normas e acordos que regulen o réxime colexial.

Artigo 36º

A Xunta de Goberno terá carácter colexiado e estará formada polo presidente, vicepresidente, secretario, tesoureiro e tres vogais.

Artigo 37º

As funcións da Xunta de Goberno son:

- a) Cumprir e facer cumprir os acordos da Asemblea Xeral, os estatutos, regulamentos e lexislación vixente que afecte o colexio.
- b) Xestión e administración do colexio e os seus intereses.
- c) Decidir sobre as solicitudes de colexiación e baixas de colexiados.
- d) Fixación do importe dos dereitos de incorporación e das cotas ordinarias de percepción periódica.
- e) Representación do colexio nos ámbitos da súa actividade.
- f) A elaboración do orzamento e do programa de actuación.
- g) A tramitación e resolución dos expedientes disciplinarios e a aplicación das sancións.
- h) Crear e reestruturar as comisións e grupos de traballo necesarios para o mellor cumprimento das funcións colexiais e para o estudo, seguimento ou promoción de aspectos e trámites referidos á súa realización.
- i) A preparación dos asuntos que deban ser sometidos á asemblea e o coidado de todos os aspectos e trámites referidos á súa realización.
- j) Fixar a data de realización das asembleas xerais ordinarias e extraordinarias.
- k) Cantas funcións non indicadas deriven destes estatutos e non estean expresamente atribuídas á Asemblea Xeral.
- l) A reclamación de cotas aos colexiados morosos.

Artigo 38º

A Xunta de Goberno realizará sesión bimensual e tantas veces como o decida o presidente ou o soliciten tres dos seus membros. As convocatorias faranse por escrito a través do secretario, por mandato do presidente, con cinco días de antelación e acompañada da correspondente orde do día. É obrigatoria a asistencia de todos os seus membros. A falta de asistencia non xustificada a dúas sesións consecutivas ou a catro non consecutivas considerarase como renuncia ao cargo. As sesións da Xunta de Goberno realizaranse nas dependencias do colexio.

Artigo 39º

A Xunta de Goberno quedará validamente constituída coa asistencia da metade máis un dos seus membros, entre os que deberán estar, polo menos, o presidente ou vicepresidente e o secretario. Os acordos adoptaranse por maioría dos asistentes e, en caso de empate, decidirá o voto de calidade do presidente. Os acordos da xunta consignaranse nas oportunas actas por orde de datas no libro que se disporá para o efecto.

Artigo 40º

A duración dos cargos será de catro anos. Se algún dos compoñentes da Xunta de Goberno, excepto o presidente, cesa por calquera causa, a mesma xunta designará o substituto con carácter de interinidade, ata que se verifique a primeira elección regulamentaria. A baixa do presidente debe ser cuberta polo vicepresidente e supón o nomeamento dun substituto deste entre os membros da Xunta de Goberno. De producirse a vacante de máis da metade dos membros da Xunta de Goberno ou do presidente e vicepresidente ao mesmo tempo, convocaranse eleccións no prazo dun mes.

Artigo 41º

O presidente do colexio ten especialmente atribuídas as seguintes funcións:

- a) A representación legal do colexio para todos os efectos e a representación do colexio en todas as relacións deste cos poderes públicos, entidades, corporacións de calquera tipo, persoas física ou xurídicas.
- b) Levar a dirección do colexio e decidir en casos urxentes que non sexan competencia da asemblea, e coa obriga de informar das súas decisións á Xunta de Goberno na primeira reunión que se teña lugar.
- c) Visar as certificacións que expida o secretario.
- d) Subscribir e outorgar contratos, documentos e convenios de interese para o colexio.
- e) Autorizar coa súa sinatura todo tipo de documentos en relación coa letra a) deste artigo.
- f) Convocar as reunións da Xunta de Goberno e das asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias.
- g) Contratar, levar a termo todo tipo de actos e documentos propios da xestión e da administración

colexiais, incluídos os que sexan propios da cuestión económica bancaria e financeira aínda que a mobilización dos fondos a fará conxuntamente co tesoureiro.

h) Coordinar o labor de todos os membros da Xunta de Goberno.

Artigo 42º

O vicepresidente colaborará co presidente no exercicio da súa función e exercerá todas aquelas funcións específicas que lle sexan asignadas por este, ou pola Xunta de Goberno, que resulten de interese para o Colexio Profesional de Logopedas de Galicia.

Artigo 43º

Son funcións do secretario:

a) Levar os libros necesarios para conseguir o mellor e máis ordenado funcionamento dos servizos do colexio. Será obrigatoria a existencia de libros de actas da Asemblea Xeral e da Xunta de Goberno e libro de entradas e saídas de documentos.

b) Levantar acta das reunións dos órganos do colexio e autenticar coa súa sinatura a do presidente ou vicepresidente, expedir certificacións e testemuños, e é o depositario e responsable da documentación colexial.

c) Redactar memoria anual.

d) Coidar a organización administrativa e laboral das oficinas do colexio, garantir o seu funcionamento e o cumprimento das obrigas legais respecto diso.

e) Controlar a tramitación dos expedientes dos colexiados e ter permanentemente actualizado o rexistro destes.

f) Redactar e enviar os oficios de citación para todos os actos do colexio.

g) Dar cumprimento aos acordos adoptados pola Xunta do Goberno.

h) Ten asignada a custodia dos períodos electorais durante os cales dá fe da recepción e tramitación da documentación, é depositario dos votos recibidos por correo e vixía o cumprimento dos requisitos electorais.

Artigo 44º

Son funcións do tesoureiro:

a) Recadar, vixiar e administrar os fondos do colexio e levar a contabilidade.

b) Efectuar os pagamentos ordenados pola Xunta de Goberno e asinar os documentos para o movemento dos fondos do colexio conxuntamente co presidente e vicepresidente.

c) Facer o balance e conta de resultados do exercicio liquidando o orzamento vencido e formular o orzamento de ingresos e gastos, todo isto para sometelo á aprobación da Asemblea Xeral.

d) Levar ou supervisar os libros de contabilidade.

e) Realizar o balance de situación tantas veces como o requira o presidente ou Xunta de Goberno.

f) Ter informada a Xunta de Goberno sobre o estado financeiro do colexio.

Artigo 45º

Son funcións dos vogais:

a) Auxiliar os titulares dos outros cargos da Xunta de Goberno e substituílos na súa ausencia.

b) Levar a cabo as tarefas que lles confíe o presidente da Xunta de Goberno ou a propia xunta.

Artigo 46º

O exercicio dos cargos do colexio é gratuítu aínda que poden ser reembolsados os gastos que comporta o exercicio do devandito cargo.

CAPÍTULO III

ELECCIÓNS A PRESIDENTE DO COLEXIO E AOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO

Artigo 47º

Terán dereito a ser elixidos todos os colexiados que estean ao día das súas obrigacións colexiais, agás que estean afectados por unha sanción que comporte a suspensión de actividades colexiais en xeral ou a limitación dos seus dereitos. Os colexiados non exercentes non poderán ser candidatos ao cargo de presidente.

Artigo 48º

Só poderán concorrer ás eleccións candidaturas completas en que estean todos os membros da xunta que se van elixir. As candidaturas deberán formarse indicando o cargo ao cal opta cada candidato, os cales deberán asinar a súa aceptación de formar parte dela. Ninguén poderá presentarse como candidato a máis dun cargo ou candidatura.

Artigo 49º

A convocatoria de eleccións deberá efectualala a Xunta de Goberno con, polo menos, trinta días de antelación á data en que terá lugar e fará pública ao mesmo tempo a lista de colexiados con dereito a voto.

Os colexiados que desexen formular algunha reclamación contra a lista de electores deberán formalizala no prazo de cinco días despois de ser expostas. Estas reclamacións deberán ser resoltas pola Xunta de Goberno dentro dos tres días seguintes ao da expiración do prazo para formulalas e a resolución deberá ser notificada a cada reclamante dentro dos dez días seguintes.

As candidaturas deberán presentarse na secretaría do colexio, debidamente asinada por todos os seus membros, dentro de dos oito días seguintes a aquel en que faga pública a convocatoria e, unha vez transcorridos os oito días, a Xunta de Goberno deberá facer pública a relación de candidaturas dentro dos cinco días seguintes e a partir deste día poderá emitirse o voto por correo.

A secretaría do colexio confeccionará unha relación coa copia literal das candidaturas presentadas

e remitiraas aos colexiados coa papeleta do voto correspondente e sobre de instrucións para a emisión do voto por correo. No caso de presentación dunha única candidatura procederáse igualmente á votación. O candidato a presidente por cada candidatura poderá presentar brevemente as circunstancias dos candidatos e o programa da súa candidatura en acto convocado para o efecto.

Artigo 50º

1. O día fixado para as eleccións constituirase nos locais e hora da convocatoria unha mesa electoral que será a que dirixa a votación e as súas circunstancias.

2. A dita mesa estará formada por tres persoas, ningunha das cales será candidata. O logopeda de máis idade será presidente e os dous de menor idade serán secretario e vogal. Cada candidatura poderá designar entre os colexiados un interventor que a represente nas operacións electorais.

3. Os colexiados deberán votar no lugar e local designado para o efecto. Na mesa electoral está a urna que deberá ofrecer suficientes garantías. Constituída a mesa electoral, o seu presidente indicará o inicio da votación e á hora prevista para finalizar pecharanse as portas do local e só poderán votar os que estean dentro del. A continuación e logo da oportuna comprobación introduciranse dentro da urna os votos que cheguen por correo certificado cos requisitos establecidos.

4. A Xunta de Goberno determinará o horario da elección que terá unha duración mínima de oito horas. Os electores votarán utilizando unha soa papeleta. Logo de identificación do elector, entregaráselle ao presidente, o cal a depositara na urna en presenza do votante. O secretario da mesa sinalará na lista de colexiados os que xa depositasen o seu voto. Os electores que non voten persoalmente poderán facelo por correo certificado remitindo este á secretaria do colexio. O sobre certificado deberá de conter unha fotocopia do DNI do elector acompañando da solicitude de voto por correo, coa sinatura lexible da súa propia man, ademais dun sobre branco pechado, dentro da cal está a papeleta de voto ou conste mecanografada a candidatura escollida, coa relación de todos os seus membros e cargos. Para que sexan válidos os votos por correo deberán reunir os requisitos mencionados e recibirse na secretaría do colexio con dous días de antelación á votación.

Artigo 51º

1. Rematada a votación procederáse ao escrutinio.

a) Serán declaradas nulas aquelas papeletas que conteñan expresións alleas ao escrutinio contido da votación ou borróns que imposibiliten a perfecta identificación da vontade do elector e aquelas que nomeen máis dunha candidatura ou unha candidatura incompleta.

b) Finalizado o escrutinio levantarase acta do resultado, que será asinada polos interventores e por todos os membros elixidos da Xunta de Goberno,

que tomarán posesión dos cargos nun prazo máximo de quince días desde a data da elección. Os nomeamentos serán comunicados ao departamento correspondente da Xunta de Galicia e ás instancias que correspondan dentro do prazo establecido no artigo 7.6º da Lei de colexios profesionais.

TÍTULO V DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 52º

O colexio ten capacidade para a titularidade, xestión e administración de bens e dereitos adecuados para o cumprimento das súas finalidades. A actividade económica desenvólvese se de acordo co procedemento orzamentario.

Artigo 53º

Os recursos económicos do colexio están constituídos por:

-Recursos ordinarios:

a) As cotas e dereitos de incorporación fixados pola Xunta de Goberno. As cotas ordinarias periódicas que fixe a xunta.

b) Os dereitos e as taxas que, eventualmente, fixe a xunta polos servizos colexiais.

c) Os rendementos dos bens e dereitos que constitúen o patrimonio colexial e calquera outro legalmente posible de similares características.

-Recursos extraordinarios:

a) Derramas ou achegas extraordinarias aprobadas por asemblea.

b) As subvencións ou doazóns de calquera tipo de procedencia pública ou privada e, en xeral os incrementos patrimoniais lexítimamente adquiridos.

Artigo 54º

A Xunta de Goberno presentará anualmente para a súa aprobación á Asemblea Xeral:

a) A liquidación do orzamento do exercicio anterior.

b) O orzamento para o exercicio seguinte. Este só pode ser modificado por acordo da asemblea extraordinaria convocada para o efecto.

Artigo 55º

En caso de disolución ou reestruturación que afecte ao patrimonio do colexio, este destinarase en primeiro lugar a cubrir o pasivo. O activo restante adxudicarase coas cautelas que se establezan ao organismo ou organismos que os substitúan. Se non se dese esta circunstancia, o activo restante adxudicarase entre os colexiados que teñan, como mínimo, un ano de antigüidade e proporcionalmente cos anos que leven como colexiados. En todo caso, a Asemblea Xeral extraordinaria poderá facer outro tipo de liquidación do activo restante logo de cubrir o pasivo.

TÍTULO VI
DO RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 56º

O colexio ten xurisdición disciplinaria para sancionar as faltas cometidas polos profesionais no exercicio da súa profesión ou actividade colexial.

Artigo 57º

As faltas clasificaranse en leves, graves e moi graves.

Son faltas leves:

a) A falta de respecto aos membros da Xunta de Goberno no exercicio das súas funcións, cando non constituía falta moi grave ou grave.

b) A negligencia no cumprimento das normas estatutarias.

c) As infraccións leves dos deberes que a profesión impón.

Son faltas graves:

a) O incumprimento grave das normas estatutarias ou dos acordos adoptados polo Consello Xeral ou polo colexio, salvo que constituía falta de superior entidade.

b) A falta de respecto por acción ou omisión, aos compoñentes da Xunta de Goberno cando actúen no exercicio das súas funcións.

c) Os actos de desconsideración manifesta cara aos compañeiros no exercicio da actividade profesional.

d) A competencia desleal.

Son faltas moi graves:

a) Os actos e omisións que constituían ofensa grave á dignidade da profesión ou ás regras éticas que a gobernan.

b) O atentado contra a dignidade ou honra das persoas que constituían a Xunta de Goberno cando actúen no exercicio das súas funcións e contra os demais compañeiros no exercicio da profesión.

c) A reiteración de falta grave.

d) O amparo, encubrimiento ou colaboración cunha persoa que estea cometendo intrusión profesional.

e) A comisión de infraccións que polo seu número ou gravidade resulten moralmente incompatibles co exercicio da logopedia.

f) A falta de pagamento da cota colexial durante un ano ou doutras achegas establecidas polos órganos de goberno do colexio logo de requirimento de pagamento por correo certificado, no cal se establecerá unha prórroga de dous meses.

Artigo 58º

As infraccións disciplinarias serán corrixidas coas seguintes sancións:

Por falta leve: amoestación, represión verbal ou escrita.

Por falta grave: inhabilitación para ocupar cargos no goberno do colexio por un período de entre un e

tres anos; suspensión da condición de colexiado por un período máximo de ata seis meses.

Por falta moi grave: inhabilitación para ocupar cargos no goberno do colexio por un período de entre tres e dez anos; suspensión da condición de colexiado durante un período de seis meses e ata un máximo de tres anos; expulsión do colexio.

Artigo 59º

A imposición de calquera sanción disciplinaria exige a formación e tramitación previa do expediente correspondente, que debe axustarse ás seguintes normas:

a) O procedemento iníciase por acordo da Xunta de Goberno xa sexa por iniciativa propia ou como consecuencia dunha denuncia formulada por calquera colexiado, persoa ou entidade pública ou privada. A Xunta de Goberno, cando reciba unha denuncia ou teña coñecemento dunha presunta infracción, poderá acordar a instrución de información reservada antes de decidir a incoación do expediente ou, se procede, que se arquiven as actuacións sen ulterior recurso. Todas as actuacións relativas á tramitación do expediente irán a cargo do instrutor o cal será nomeado pola Xunta de Goberno entre os colexiados. A incoación do expediente, así como o nomeamento do instrutor, notificaranse ao colexiado suxeito do expediente.

b) Corresponde ao instrutor, practicar todas as probas e actuacións que leven ao esclarecemento dos feitos. Á vista das actuacións practicadas formularase un prego de cargos onde se exporán os feitos imputados ou ben a proposta de sobresemento e arquivo do expediente.

c) O prego de cargos notificarase ao interesado e concederáselle un prazo de quince días para formular alegacións e achegar e propor todas as probas das cales intente valerse.

d) O instrutor, transcorrido este prazo, formulará proposta de resolución, que se notificará ao interesado para que no prazo de quince días poida alegar todo o que considere na súa defensa. Durante este período notificaránselle as actuacións practicadas.

e) A proposta de resolución con toda a actuación elevarase á Xunta de Goberno e esta ditará a resolución apropiada.

f) As resolucións sancionadoras conterán a relación dos feitos probados, a determinación da falta constatada, a cualificación da súa gravidade e a sanción imposta. A relación de feitos debe ser congruente co prego de cargos formulados no expediente.

Artigo 60º

O período de prescrición das faltas leves é de seis meses, das faltas graves dous anos, e das faltas moi graves catro anos, e interromperase a prescrición polo inicio do procedemento disciplinario.

Artigo 61º

O sancionado poderá pedir á Xunta de Goberno a súa rehabilitación coas consecuentes cancelacións

da nota no seu expediente, no prazo de tres meses se a falta fose leve, no prazo dun ano se a falta fose grave e no prazo de dous se a falta fose moi grave, desde a data de inicio do cumprimento da sanción.

TÍTULO VII
DO RÉXIME XURÍDICO

Artigo 62º

En todo o non previsto especificamente nestes estatutos aplicarase a Lei 30/1992, do 26 de novembro, reguladora de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo e todas aquelas normas xurídicas vixentes e aplicables ao caso ou suposto concreto.

Artigo 63º

Contra os actos suxeitos ao dereito administrativo emanados do órgano de goberno dos colexios profesionais caberá recurso de alzada ante o Consello Xeral de Colexios de Logopedas.

Artigo 64º

O Colexio Profesional de Logopedas de Galicia será auditado cando se produza a renovación ordinaria, total ou parcial, do seu órganos directivos, todo iso sen prexuízo da función fiscalizadora que corresponde aos organismos legalmente habilitados para iso.

Resolución conxunta do 18 de febreiro de 2009, do Instituto Galego de Consumo e da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se convoca a fase autonómica do concurso de premios sobre consumo responsable e calidade de vida Consumópolis 4: Que facemos no noso tempo de lecer?.

Preámbulo.

A educación para o consumo, en consonancia co establecido na LOE, é fundamentalmente unha educación social e cidadá, que incide na comunidade e representa un medio para avanzar cara a unha cidadanía máis crítica, autónoma, consciente dos seus dereitos e responsabilidades.

Consonte o que se dispón na Lei 8/1994, do 30 de decembro, de creación do Instituto Galego de Consumo, unha das funcións deste organismo é a de impulsar a formación da cidadanía como persoas consumidoras e usuarias, propoñéndolles aos organismos competentes a adopción de programas de educación para o consumo nas distintas etapas e niveis do ensino e realizar as actuacións necesarias para asegurar que a dita formación sexa permanente.

Promover a educación para o consumo nos centros educativos da comunidade autónoma é, por tanto, un interese común do Instituto Galego de Consumo e da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, co obxecto de que o alumnado desenvolva as

competencias que lle permitan exercer os seus dereitos como persoas consumidoras, actuando no mercado de forma autónoma, responsable e solidaria.

En consonancia con estes principios, o Instituto Galego de Consumo e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria participan na organización do concurso Consumópolis, coa participación do Instituto Nacional de Consumo e de dezaseis comunidades autónomas. Este concurso ten como obxectivo o desenvolvemento de actividades que promovan, entre os máis novos, hábitos de consumo responsable fomentando a participación dos centros educativos a través do profesorado e alumnado en actividades relacionadas coa educación para o consumo.

A primeira fase do concurso, consistente nun xogo pedagóxico virtual, desenvolveuse entre o 31 de outubro e o 15 de decembro do ano 2008.

Unha vez rematada a fase de xogo, correspóndelles ao Instituto Galego de Consumo, dependente da Consellería de Innovación e Industria, e á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocar a fase autonómica do concurso, co obxecto de seleccionar os gañadores que representen a Comunidade Autónoma de Galicia na fase estatal.

Por todo iso,

DISPOÑEMOS:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta resolución ten por obxecto convocar e regular a fase autonómica do *concurso escolar 2008-2009 Consumópolis 4* sobre consumo responsable: Que facemos co noso tempo de lecer?.

A fase autonómica do concurso consiste na realización dun libro virtual sobre *As formas de lecer e tempo libre dos mozos e mozas no pasado, presente e futuro*, en que os equipos participantes deberán expoñer a súa visión sobre algúns dos aspectos do consumo responsable en relación coas actividades do tempo de lecer, coas características que se indican no artigo 6º desta resolución.

Artigo 2º.-*Dotación económica.*

1. Concederanse tres premios de 1.000, 600 e 300 euros para os traballos clasificados respectivamente en primeiro, segundo e terceiro lugar por cada un dos niveis de participación seguintes:

- a) Alumnado de 3º ciclo de ensino primario.
- b) Alumnado de 1º e 2º curso de ensino secundario obrigatorio (ESO).
- c) Alumnado de 3º e 4º curso de Ensino secundario obrigatorio (ESO).

Ademais, todos os membros do equipo recibirán un diploma acreditativo como gañadores.

2. Os traballos clasificados en primeiro lugar en cada un dos niveis representarán a comunidade